

visto no artigo 122 do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril, que queda exposto, por un prazo de catro (4) días hábiles, para os efectos de presentación de reclamacións.

Simultaneamente e para o caso de que non se produzan reclamacións, anúnciase a licitación de acordo coas seguintes condicións:

1.-Obxecto do contrato.

Contratación, mediante subhasta, da explotación económica do local municipal, sito na praia de Bastiagueiro, adicado a café-bar.

2.-Tipo de licitación mínimo.

Cincocentas mil pesetas (500.000) co IVE.

3.-Duración do contrato.

Dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro, susceptible de prórroga ata seis mensualidades.

4.-Pagamentos.

O importe da adxudicación prorratearase por mensualidades vencidas, sen incluí-las posibles prórrogas.

5.-Pregos das cláusulas administrativas-particulares.

Poderán recollerse na Secretaría Xeral do Concello, en horario de 9,00 a 13,00 horas.

6.-Proposicións económicas.

Deberán estar reintegradas cun timbre municipal de 1.060 pesetas, e presentaranse no prazo de 13 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP, no rexistro xeral do Concello, en horario de 9,00 a 13,00 horas, en sobre pechado e coa documentación esixida na cláusula 10 do prego de condicións que rexe nesta licitación:

7.-Apertura de proposicións.

Terá lugar no salón de reunións, sito no primeiro andar da Casa do Concello de Oleiros, ás 12,00 horas do primeiro día hábil seguinte ó do remate do prazo de presentación de ofertas. No caso de que cadre en sábado trasladarase ó seguinte día hábil.

Oleiros, 13 de maio de 1997.

A alcaldesa, Esther Pita Pita.

7539-PD / 7402

MANCOMUNIDADE DE AUGA DOS CONCELLOS DE CARNOTA E MUROS

ANUNCIO

A "Mancomunidad de augas dos concellos de Carnota e Muros" publica -en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local- o texto íntegro do "Regulamento do servizo de subministración de auga corrente".

A Xunta da Mancomunidad, na sesión do día 21 de outubro de 1996, aprobou inicialmente o devandito regulamento, que se expuxo ó público mediante anuncio nos taboleiros de edictos dos dous concellos e no Boletín Oficial da Provincia do 31 de outubro seguinte. A aprobación definitiva tivo lugar na sesión da Xunta do 17 de marzo de 1997. O seu texto é como segue:

REGULAMENTO DO SERVICIO PÚBLICO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA CORRENTE

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

1. Este regulamento contén a normativa do servizo público de subministración de auga corrente da "Mancomunidad de auga dos concellos de Carnota e Muros".

2. Denomínase usuario a calquera persoa física ou xurídica que teña contratado o servizo de subministración de auga corrente.

3. Denomínase concesionario á empresa adxudicataria da xestión do servizo de subministración de auga corrente.

Artigo 2.- Natureza xurídica do servizo.

1. A subministración de auga corrente nos territorios municipais de Carnota e Muros é un servizo público local do que é titular a "Mancomunidad de auga dos concellos de Carnota e Muros".

2. A mancomunidad e os concellos, estes no que atinxe ós seus respectivos territorios, teñen as potestades de:

a) Inspección e control dos actos e traballos que realice o concesionario e das obras, instalacións, locais e documentación que estean adscritos ou relacionados co servizo.

b) Dicta-las ordes necesarias para manter ou repoñe-la debida prestación.

c) Impoñer ó concesionario as correccións pertinentes por mor das infraccións que cometa.

CAPÍTULO II. AS OBRIGACIÓNS E OS DEREITOS DO CONCESIONARIO E DOS USUARIOS

Artigo 3.- Obrigacións do concesionario.

1. Presta-lo servizo de subministración de auga corrente ós usuarios con suxeición ás normas deste regulamento e das outras disposicións legais aplicables, nomeadamente as de carácter sanitario.

Esta obrigación do concesionario enténdese referida a poñer a disposición do usuario a auga ata a chave de rexistro que, con carácter xeral, constitúe o límite exterior da instalación que é propiedade del.

2. Mante-la subministración de forma permanente en condicións de dispoñibilidade e regularidade.

3. Garanti-lo dereito a utiliza-lo servizo a tódalas persoas que cumpran os requisitos e condicións que dispón este regulamento e mediante o pagamento da contraprestacións económicas legalmente establecidas.

4. Indemniza-los danos que lles cause a terceiras persoas como consecuencia do desenvolvemento do servizo, non sendo cando foran orixinados por mor de causas imputables á Administración.

Para estes efectos, o concesionario concertará o correspondente contrato de seguro que abeire as responsabilidades civís nas que poida incurrir e facilitaralle unha copia del á Administración para comproba-la súa idoneidade e suficiencia.

5. A planificación, programación, execución e conservación das obras e instalacións precisas para a captación, conduxión, almacenamento e distribución de auga corrente ós núcleos de poboación con suxeición a este regulamento e á lexislación aplicable.

A incorporación de obras e instalacións ó servizo, con posterioridade á iniciación da concesión, esixirá a recepción delas polo concello respectivo ou pola mancomunidad e a súa natureza da acta de adscrición co concesionario.

Correspóndelle ó concesionario a conservación, mantemento e explotación das devanditas obras e instalacións unha vez formalizada a súa adscrición ó servizo, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir ó construtor ou subministrador delas no período de garantía ó abeiro da Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.

6. A tramitación e execución de acometidas de subministración de auga ás persoas que o soliciten para o seu uso en inmobles das que sexan titulares, sempre que reúnan as condicións esixidas neste regulamento e fosen aprobadas polos respectivos concellos ou a mancomunidad.

7. Dispoñer dun servizo permanente para a recepción de avisos de avarías e informacións relacionadas coa prestación do servizo.

8. Informarles ós usuarios, sempre que sexa posible e polos medios de difusión adecuados, das interrupcións e alteracións que se rexistren na prestación do servizo.

9. Colaborar coas autoridades e cos centros de educación para que os usuarios e o público coñezan o funcionamento do servizo.

10. Resolver e contesta-las reclamacións e queixas que lle presenten os usuarios.

11. Aplica-los prezos e cadros de tarifas aprobados regulamentariamente.

Artigo 4.- Dereitos do concesionario.

O concesionario terá os dereitos que lle reconece a lexislación aplicable e o contrato de xestión do servizo e, en concreto, os seguintes:

a) A inspeccionar, revisar e intervir nas instalacións particulares que estean conectadas á rede de subministración coa finalidade de garanti-lo cumprimento da normativa aplicable.

b) Cobrar nas súas oficinas ou lugares destinados a esa fin o importe das facturacións ou cargos que os usuarios deben pagar polas prestacións do servizo.

Artigo 5.- Obrigacións do usuario.

1. Pagar puntualmente os cargos que lle presente o concesionario pola prestación dos servizos de subministración de auga ou os complementarios de conformidade cos prezos e tarifas aprobados.

A obrigatoriedade de pagamento esténdese ós casos en que se produzan fugas ou perdas de auga por avarías ou irregularidades na construción ou conservación das instalacións particulares do usuario ou por calquera outra causa non imputable ó concesionario.

2. Usa-la auga corrente obxecto de subministración con suxeición ás normas contidas na lexislación aplicable, neste regulamento e no contrato e cumprir, se é o caso, as limitacións e prioridades de uso que se dispoñan regulamentariamente.

3. Respecta-las instalacións da infraestrutura do servizo, as redes de distribución e as acometidas que forman parte integrante do dominio público e non realizar nelas ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización.

4. Darlle ó concesionario os datos que lle solicite en relación ó contrato de subministración.

5. Conserva-las súas instalacións particulares de xeito que non prexudiquen ás redes públicas de subministración nin ó funcionamento do servizo, utilízalas correctamente e respecta-los precintos que garanten a integridade do contador.

6. Comunicarlle ó concesionario calquera avaría ou irregularidade das instalacións de subministración de auga que poida afectar ó funcionamento normal do servizo.

7. Permitirlle ó persoal do concesionario, que estea debidamente acreditado, o acceso ás instalacións ou locais onde sexa necesario desenvolver traballos relacionados coa lectura do contador, inspección ou reparación das instalacións.

8. Solicitalle ó concesionario a autorización para calquera modificación nas súas instalacións particulares que comporte variación no número de usuarios ou cambio no uso da auga.

9. Se nun mesmo inmovible existe, ó par do servizo público de subministración, auga doutra orixe, o usuario dispoñerá a súa instalación interior de xeito que a súa auga particular non poida entrar na rede xeral.

Artigo 6.- Dereitos do usuario.

1. Dereito de acceder ó servizo en condicións de igualdade, cando reúna as condicións e requisitos sinalados por este regulamento.

2. Disfrutar do servizo con carácter permanente, non sendo por razóns de forza maior, e dispoñer nas súas instalacións de auga que reúna os requisitos hixiénico-sanitarios e a as condicións técnicas de presión axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable.

3. Ser informado polo concesionario de tódalas cuestións que atinxen á prestación e funcionamento do servizo e a recibir contestación por escrito ás consultas que presente con ese carácter.

4. Presenta-las queixas ou reclamacións que xulgue oportunas en relación coa prestación do servizo, de conformidade co procedemento que recolle este regulamento, e obter contestación a elas.

5. Que se lle facture o prezo de subministración de auga de conformidade coas tarifas legalmente aprobadas.

6. Obter unha copia do contrato ou póliza de subministración.

Artigo 7.- Prohibicións que atinxen ó usuario.

Os usuarios non poderán:

a) Ceder auga de balde ou baixo prezo, for con carácter permanente ou temporal, para outros locais ou vivendas diferentes dos recollidos no contrato.

b) Poñer nas tuberías de subministración, sen a autorización previa do concesionario, bombas ou calquera outro aparello que modifique ou afecte ás condicións da rede de distribución e poidan interferir no servizo prestado a outros usuarios.

c) Utiliza-la auga para fins distintos dos que foron obxecto de contrato.

d) Realizar calquera operación que teña por finalidade que o consumo de auga non sexa rexistrado polo contador ou equipo de medición.

f) Causar fugas de auga con carácter intencionado ou por negligencia.

g) Crebar ou fedellar nos precintos dos contadores ou equipos de medición.

CAPÍTULO III. AS INSTALACIÓNS PÚBLICAS DO SERVIZO

Artigo 8.- Elementos materiais da rede pública de subministración.

1. A rede de alta. Abrangue as obras hidráulicas de captación, elevación, estación de tratamento, depósitos de almacenamento -que poden ser de cabeceira, cola e reguladores-, edificios, dispositivos electromecánicos, tuberías e conduccións mestras e sistemas de regulación e control.

2. A rede de baixa. Abrangue a de distribución necesaria para a subministración ós usuarios e está integrada por canos, arquetas, pezas especiais e bocas de rego e incendios. A rede de baixa pode ser de distribución primaria e secundaria.

A rede de distribución primaria é a que está integrada polos canos que enlazan diferentes sectores das áreas abastecidas sen que nelas se poidan realizar acometidas.

A rede de distribución secundaria é a que está integrada polos canos que discorren ó longo dunha vía pública ou de terreo privado, neste caso trala constitución da correspondente servidume, das que derivan as acometidas.

3. A acometida. É o ramal ou derivación que sae da rede de distribución secundaria máis próximo e leva a auga ó pé do inmovible ou á estrema do terreo que se vai subministrar.

Artigo 9.- A acometida.

1. A acometida estará formada por un cano único de características axeitadas ó volume de auga servido e disporá alomenos dunha chave de corte exterior, situada nunha caixa na vía pública por diante do inmovible ou terreo e o máis achegado posible a el.

2. A acometida dispoñerá dos seguintes elementos:

a) O dispositivo de toma, que vai sobre o cano da rede de distribución secundaria e abre o paso da acometida.

b) O ramal ou treito de tubería, que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) A chave de rexistro vai á fin do ramal da acometida, na vía pública e achegado á estrema do inmovible ou terreo.

A chave de rexistro constitúe o límite entre as instalacións públicas do servizo e as interiores do usuario e, xa que logo, precisa onde chegan as obrigacións respectivas de mantemento e reparación por parte do concesionario e do usuario.

CAPÍTULO IV. A SOLICITUDE DE CONEXIÓN Ó SERVIZO

Artigo 10.- Requisitos da solicitude de conexión ó servizo.

1. A solicitude de conexión ó servizo deberá conter como mínimo o nome do peticionario ou a súa razón social, o ende-

rezo e o teléfono para os efectos de notificacións, o enderezo do local ou inmoble para o que se pide a subministración e o uso ó que se destinará a auga.

2. A solicitude de conexión á rede de distribución deberá achega-la seguinte documentación:

a) Se é para un inmoble novo, a licencia de primeira ocupación e o boletín de instalación de fontanería.

b) Se é para unha obra, a licencia urbanística para a súa construción.

c) Se é para unha industria ou comercio, a licencia municipal de apertura e o recibo do imposto de actividades económicas e o boletín de instalación de fontanería.

d) En calquera caso, unha copia do título que abeire o dereito de uso do inmoble ou local.

3. Deberase presentar unha solicitude independente para cada inmoble que física ou legalmente constitúa unha unidade de edificación.

4. A casa que ten un só portal constitúe unha unidade de edificación. No caso de que teña varios, a unidade de edificación virá constituída por cada unha das partes dela que teña portal propio. Se un edificio ou construción teñen máis dun acceso, o concesionario poderá decidir-la realización dunha acometida independente por cada un deles.

5. Se a xuízo do concesionario concorre unha causa que o xustifique, o titular do uso dun local comercial ou industrial situado no baixo dun inmoble poderá solicitar e obter unha acometida independente para o seu local.

↳ **Artigo 11.- Presentación, tramitación e resolución da solicitude de concesión.**

1. A solicitude de conexión será presentada perante o concesionario que lla remitirá ó concello respectivo, xunto co seu informe, para que a resolva.

2. O informe do concesionario determinará, se é o caso, as características técnicas da acometida.

3. A Alcaldía do Concello autorizará ou denegará a conexión con suxeición á normativa legal aplicable e tralo informe dos servizos técnicos municipais.

4. A solicitude deberá ser resolta no prazo máximo de un mes a contar desde a súa presentación.

↳ **Artigo 12.- Causas de denegación da conexión.**

O concello poderá denega-la conexión cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o solicitante non presente a documentación esixida.

b) Que o inmoble non estea situado na área de cobertura do servizo, non sendo que se proceda consonte o que dispón o artigo 17.

c) Que o inmoble non conte coas instalacións interiores axeitadas por non se axustaren a este regulamento ou á normativa técnica aplicable.

d) Que algunha parte das instalacións xerais que é preciso ampliar para a realización da acometida teña que discorrer por terreos privados e o solicitante non xustifique a existencia da servidume correspondente inscrita no rexistro da propiedade.

e) Que a presión da auga no punto de conexión non sexa abonda para a subministración correcta do servizo. non sendo que, neste caso, se poñan por conta do solicitante o grupo de elevación ou mecanismo necesario para corrixir aquela deficiencia.

O concello poderá autoriza-la conexión se o solicitante asume, mediante declaración expresa, as consecuencias da falta de presión.

f) Que a presión da auga no punto de conexión sexa excesiva para a subministración correcta do servizo, non sendo que, neste caso, se poñan por conta do solicitante as medidas de redución axeitadas.

Artigo 13.- A realización das obras de conexión.

1. A execución das obras de acometida é competencia exclusiva do concesionario que realizará os traballos e instalacións por conta do solicitante e con suxeición ás características técnicas determinadas no expediente e aprobadas polo concello.

2. A execución das obras de modificación da rede de subministración precisas para a realización da conexión tamén é competencia exclusiva do concesionario que as realizará por conta do solicitante e con suxeición ás características técnicas determinadas no expediente e aprobadas polo concello.

3. A acometida e mailas obras de modificación mencionadas no apartado 2 anterior quedan incorporadas á rede de subministración e serán de titularidade pública.

4. O concesionario elaborará o orzamento de execución das obras de conexión con suxeición ó cadro de prezos aprobado pola mancomunidade, que lle será notificado ó solicitante xunto coa autorización. O usuario deberalle aboar ó concesionario o custo das obras con carácter previo á súa execución.

5. A conexión será executada polo concesionario no prazo de un mes desde se lle notifique o outorgamento da autorización municipal.

Artigo 14.- Conexións provisionais.

1. Excepcionalmente, o concello poderá conceder conexións provisionais vinculadas á realización de obras. Estas tomas de auga enténdense outorgadas en precario e réxense, á parte das normas xerais que lle sexan aplicables, polas condicións particulares que se sinalen en cada caso.

2. A toma de auga outorgada con destino á realización dunha obra non se poderá usar, en ningún caso, para vivendas ou locais. O constructor está obrigado a comunicarlle ó concesionario a finalización da obra e daquela a conexión provisional quedará automaticamente sen vixencia. Por esa razón, o uso que se faga da toma de auga a partir desa data rexerese polas condicións xerais de subministración e polas que lle sexan aplicables en función da súa finalidade.

3. O constructor que solicite a conexión provisional con destino á realización dunha obra responderá solidariamente xuntamente co usuario real do pagamento do prezo da auga consumida.

Artigo 15.- Conservación e ampliación da acometida.

1. Os traballos de manexo, amaño e modificación das acometidas son competencia exclusiva do concesionario, que os realizará por conta do usuario que os solicite ou ó que beneficiará.

2. Se un inmoble amplía o número de vivendas ou locais e a acometida non fose suficiente para a normal satisfacción das novas necesidades creadas, a persoa interesada solicitaralle ó concesionario a substitución ou modificación da acometida preexistente por outra axeitada. Os gastos serán por conta do usuario.

Artigo 16.- Acometida inutilizada.

Cando se finalice ou suspenda o contrato de subministración, a acometida queda a disposición do usuario. Pero se este non lle comunica ó concesionario no prazo de vinte días, de maneira fidedigna, a intención de que lla retire da vía pública e deposita simultaneamente os gastos que comporte a dita operación, enténdese que renuncia a ela.

Neste caso, o concesionario poderá adoptar, tocante á citada acometida, as medidas que coide oportunas, coa conformidade do concello respectivo.

Artigo 17.- Pequenas extensións e modificacións da rede de subministración.

1. As pequenas extensións da rede de subministración necesarias para dotar de auga a edificacións novas ou a velas que non estean na área de cobertura do servizo serán por conta do usuario e integraranse na rede pública.

2. Por regra xeral, enténdese por pequenas extensións da rede as obras que sexan necesarias cando concorra calquera das seguintes circunstancias:

a) Existan redes de distribución secundaria na vía pública que discorre á beira do inmoble pero a nova conexión comporte unha baixada de presión ou de caudal apreciable.

b) Non exista rede de distribución na vía pública situada á beira do inmoble.

3. Se a rede de subministración existente nunha área urbana determinada non permita satisfacer adecuadamente o consumo que xeren as novas solicitudes de conexión, o concello aprobará o correspondente proxecto técnico de modificación da rede que faga posible a subministración.

4. Se para realizar unha nova conexión, é preciso facer unha prolongación da rede de distribución, o concello aprobará o correspondente proxecto técnico de ampliación.

5. Nos casos que prevén os dous apartados anteriores, o custo das obras de modificación ou ampliación da rede correrán por conta dos solicitantes da conexión e as novas instalacións, unha vez executadas, serán de titularidade pública.

6. As obras de modificación e ampliación mencionadas será executadas polo concesionario con suxeición ó proxecto e orzamento aprobado polo concello.

7. As obras de ampliación da rede discorrerán, por regra xeral, pos terreos de dominio público. De se tratar de terreos privados, os donos deberán poñer á libre disposición do concello unha franxa de 3.00 m de ancho ó longo do percorrido da rede ou constituír unha servidume a prol do concello que será inscrita no rexistro da propiedade.

8. Como as instalacións resultantes das obras de modificación ou ampliación da rede mencionadas son de titularidade pública, o concesionario poderá autorizar as conexións a ela das acometidas existentes con anterioridade á realización das obras.

Artigo 18.- Urbanizacións e unidades de execución.

1. As instalacións das redes de subministración propias de urbanizacións, novas rúas ou unidades de execución serán realizadas polo promotor con suxeición ó proxecto técnico aprobado polo concello co informe favorable do concesionario.

2. Enténdense por urbanizacións e unidades de execución os terreos nos que a actuación urbanística requira a creación, modificación ou ampliación da infraestrutura viaria e de servizos, tanto se as obras se realizan para a conexión entre os distintos terreos nos que se divide a unidade como se son para conectalo polígono con outra área xa urbanizada e con servizos.

3. A autorización de acometidas á rede de subministración de auga para polígonos ou urbanizacións está suxeita ó cumprimento das seguintes condicións previas:

a) As redes interiores de distribución de auga deberán proxeccionadas por técnico competente e aprobadas polo concesionario e polo concello respectivo.

b) As obras e instalacións serán executadas por conta do promotor ou propietario baixo a dirección de técnico competente e de conformidade coas normas técnicas aplicables.

c) Durante a realización das obras ou antes da súa recepción, o concesionario poderá esixirle ó promotor ou propietario as probas e ensaios que xulgue convenientes para garantir a idoneidade da execución e o cumprimento das normas de calidade dos materiais. Estas probas e ensaios serán por conta do promotor ou propietario da urbanización.

4. O enlace das redes interiores coas exteriores que forman a rede pública de subministración e o reforzamento ou modificación destas últimas que teña a súa orixe na nova demanda creada pola urbanización ou polígono serán definidos no proxecto de obras e executados polo concesionario por conta do promotor ou dono da urbanización.

5. Logo de que se rematen as instalacións, estas serán verificadas polo concesionario e, se as atopa conformes, informaralle ó concello respectivo para o que atinxe á aceptación delas e a súa incorporación á rede pública. A seguir, cando o concello llo ordene, o concesionario asumirá a xestión e o mantemento das instalacións.

6. A realización da acometida á rede de subministración de auga das edificacións e terreos da urbanización é competencia exclusiva do concesionario.

CAPÍTULO V. AS INSTALACIÓNS INTERIORES

Artigo 19.- Instalacións interiores.

1. Enténdese por instalacións interiores do servizo as existentes en cada inmoible ou terreo a partir da chave de rexistro e que forman parte integrante deles.

2. As instalacións interiores de subministración de auga, non sendo no tocante á colocación do contador que é competencia do concesionario, deberán ser realizadas por un técnico autorizado e axustarse ás normas legais de aplicación.

Artigo 20.- Inspección das instalacións interiores.

1. As instalacións interiores dun inmoible realizadas polo usuario estarán á inspección do concesionario e do concello respectivo coa finalidade de comprobar se foron executadas conforme as normas legais e técnicas aplicables.

2. Cando as instalacións interiores non se axusten ás normas citadas, o concello denegará a conexión ou, se é o caso, o concesionario suspenderá a subministración de auga e conumicaránllo ó interesado para que corrixa as deficiencias rexistradas no prazo que se lle sinale.

Artigo 21.- Conservación das instalacións interiores.

1. O usuario será responsable da conservación e o mantemento da instalacións interiores do servizo e está obrigado a amañar pola súa conta os danos e avarías que sufran. As reparacións deberanse realizar no prazo máximo de cinco días naturais desde se produciu o dano ou avaría.

2. Se o estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmoible ou terreo constitúen un perigo para a seguridade das persoas ou unha ameaza de dano inminente para as cousas, o concesionario poderá suspender a subministración de auga de xeito inmediato con notificación simultánea ó usuario e máis ó concello.

3. Cando concorra perigo de danos inminentes e graves para as persoas ou para as cousas derivada do estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmoible, o concesionario poderá realizar por si mesmo as obras imprescindibles para evitalos e repercutir no usuario responsable os gastos orixinados. O concesionario está obrigado a comunicarlle a realización das obras ó concello e máis ó usuario.

CAPÍTULO VI. OS CONTADORES

Artigo 22.- A medición do consumo de auga.

1. A medición do consumo de auga que servirá de base á facturación realizarase por medio de contadores.

2. Os contadores serán dalgún dos modelos oficialmente homologados e verificados pola autoridade administrativa competente.

3. Toda vivenda unifamiliar ou local no que se realicen actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servizos, dispoñerá dun contador individual que será propiedade do usuario.

4. Se nun inmoible hai máis dunha vivenda ou local cada un deles dispoñerá dun contador independente sen prexuízo do que corresponda para os servizos comúns.

5. Nas comunidades de propietarios con contador xeral, a facturación mínima esixible e, se é o caso, a cota de mantemento serán a que resulte de multiplicalas polo número de vivendas ou locais que constituían o inmoible e maila que corresponde ós servizos comúns.

6. Cando nun local coexisten varias clases de usos, poñeranse contadores independentes para cada un deles pero, se por razóns técnicas soamente pódese haber un, o consumo total será facturado conforme á tarifa máis alta das aplicables.

Artigo 23.- Emprazamento dos contadores.

1. Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, á altura do baixo e na parte de fóra do inmoible.

2. No caso de vivendas colectivas, os contadores irán nun compartimento ou caixa, en sistema de batería, no baixo do inmoible e nunha zona de uso común con acceso directo desde o portal de entrada.

3. A modificación do emprazamento do contador será por conta da parte contratante que a promova. Sen embargo, serán por conta do usuario nos seguintes casos: a) Cando sexa por reformas realizadas por el con posterioridade á instalación do contador, que dificulten a lectura o acceso ou a inspección do

contador; e b) Cando a instalación do contador non se axuste ás condicións que prevé este regulamento e se produza un cambio de titularidade do inmovible.

Artigo 24.- Colocación dos contadores.

1. A colocación dos contadores é competencia do concesionario e os gastos serán por conta do usuario. O custo será o sinalado no cadro de prezos aprobado pola mancomunidade.

2. O concesionario manterá existencias de contadores adecuados ás diversas necesidades e caudais obxecto de contratación a disposición dos usuarios que os soliciten. Os prezos de venda serán aprobados pola mancomunidade.

Artigo 25.- Conservación dos contadores.

1. É obrigación do usuario a conservar e mante-lo contador en perfecto estado de funcionamento.

2. O contador non poderá ser obxecto de ningunha manipulación máis que polos empregados do concesionario. As operacións de mantemento, reparación e, se é o caso, substitución serán realizadas polo concesionario por conta do usuario. Os prezos destes servicios serán os sinalados pola mancomunidade.

3. Cando se comprobe a existencia de irregularidades ou avarías no contador, o concesionario requirirá ó usuario para que no prazo de sete días aboe a tarifa correspondente á reparación ou substitución. Transcorrido ese prazo sen que o fíxese, o concesionario estará facultado para suspender a subministración de auga.

4. A mancomunidade poderá establecer unha taxa fixa de aplicación xeral para a conservación e substitución de contadores, por medio da correspondente ordenanza. Neste caso, os gastos derivados daquelas operacións serán por conta do concesionario.

Artigo 26.- Renovación periódica de contadores.

1. A vida útil dos contadores fíxase, para os efectos deste regulamento, en dez anos.

2. Transcorrido ese prazo, o contador será substituído polo concesionario por conta do usuario. O concesionario daralle ó usuario un documento xustificativo da renovación.

3. Os gastos de substitución de contadores serán por conta do concesionario no caso que prevé o apartado 4 do artigo anterior.

Artigo 27.- Desmontaxe de contadores.

1. A montaxe e desmontaxe de contadores será sempre realizada polo concesionario. 2. Procederá a desmontaxe polas seguintes circunstancias:

- a) Por finalización do contrato de subministración.
- b) Por avaría do aparello de medida aínda que non exista reclamación do usuario.
- c) Por renovación periódica dos contadores.
- d) Por alteración do réxime de consumo de tal maneira que supere a capacidade teórica do contador.

Artigo 28.- Verificación de contadores.

1. Se un usuario xulga que o volume de auga realmente consumido non se corresponde co rexistrado no contador poderá solicitar a súa revisión. Para ese efecto, deberá poñer a fianza e aboar a tarifa por verificación aprobada pola mancomunidade.

2. As tolerancias para verificación de contadores serán as que sinale o Centro Nacional de Metroloxía ou entidade pública equivalente.

3. Se trala correspondente comprobación se acredita que o funcionamento do contador é correcto, o usuario perderá a fianza depositada.

4. Se o funcionamento do contador é incorrecto, o concesionario correrá cos gastos da comprobación, devolveralle a fianza ó usuario reclamante e substituirá o contador por conta deste último, non sendo no caso de que estea vixente a taxa fixa que prevé o artigo 25.4.

5. Se o funcionamento do contador é incorrecto e o usuario o solicita, o concesionario revisará as facturacións por consumo de auga correspondentes ós seis meses anteriores á solicitude de verificación coas porcentaxes de desviación detectadas.

CAPÍTULO VII. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

Artigo 29.- Suxeitos do contrato.

1. O contrato de subministración de auga formalizarase entre o concesionario e o titular do dereito de uso do inmovible ou local que se vai servir.

2. Se o contratante é o arrendatario ou un posuidor precarista, precisará da autorización do dono do inmovible. Esta autorización comportará a asunción por parte do dono da responsabilidade solidaria perante o concesionario das obrigacións derivadas do contrato de subministración.

3. Se o solicitante do servico é unha comunidade de propietarios, intervirá en nome dela o seu representante legal.

4. Cando a subministración de auga sexa con destino a unha obra, o solicitante será o titular da licenza urbanística.

Artigo 30.- Incapacidade para contratar.

Están incapacitadas para contratar o servico de subministración de auga as persoas que xa foran usuarias del con anterioridade e deran lugar á suspensión ou resolución do contrato por incumprimento das súas obrigacións. Cesará a incapacidade se a persoa á que lle afecta ou calquera outra en nome dela cumpre as obrigacións que motivaron a suspensión ou resolución do contrato.

Artigo 31.- Obxecto do contrato.

1. Os contratos de subministración de auga referiranse a unha vivenda, local, industria ou obra que constitúa unha unidade independente.

2. A subministración de auga enténdese adscrita o uso para a que se conveu e non se pode dedicar a outros fins.

Artigo 32.- Duración do contrato.

O contrato sinalará o prazo de vixencia da subministración e enténdense prorrogado tacitamente polo mesmo período non sendo que, cun mes de antelación, o usuario advirta ó concesionario, de xeito expreso e por escrito, do seu desexo de dalo por rematado.

Artigo 33.- Cambio de usuarios.

Cando se produza un cambio de titularidade no dereito de uso do inmovible ou industria obxecto de subministración, o novo titular deberallo comunicar ó concesionario no prazo de un mes coa finalidade de facer un novo contrato.

Artigo 34.- Forma do contrato.

1. O contrato de subministración de auga formalizarase por escrito con suxeición ós modelos aprobados pola mancomunidade.

2. O texto do contrato deberán cumprilo seguintes requisitos:

- a) Creación, claridade e sinxeleza na súa redacción, con posibilidade de comprensión directa sen remisións a textos ou documentos que non se acheguen ó contrato e se lle entreguen simultaneamente ó usuario e ós que, en calquera caso, se deberá facer referencia expresa no documento contractual.

- b) Exclusión de subas de prezos por servicos accesorios, financiación, aprazamentos, recargos ou indemnizacións que non correspondan a prestacións adicionais susceptibles de seren aceptadas ou rexeitadas en cada caso.

- c) Exclusión de repercusión sobre o usuario de fallos, defectos ou erros administrativos, bancarios ou de domiciliación de pagamentos que non lle sexan directamente imputables, ou de servicos que no seu día se lle ofreceron de balde.

- d) Exclusión de adquisición obrigada de bens, servicos ou mercadorías complementarias ou accesorias non utilizadas.

- e) Exclusión da inversión da carga da proba en prexuízo do usuario.

CAPÍTULO VIII. CONDICIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

Artigo 35.- Garantía de presión e caudal.

1. O concesionario está obrigado a presta-lo servico de subministración de auga coa presión da rede á altura da rasante da vía pública pola que cada inmovible teña a súa conexión.

2. Se as condicións técnicas da subministración (presión e/ou caudal) non son suficientes para satisfacer as necesidades do usuario, este deberá realizar pola súa conta e cargo as instalacións necesarias para acadar aquelas condicións, por medios dos sistemas e materiais que estean homologados pola Administración.

Artigo 36.- Continuidade do servico.

Non sendo por causa de forza maior ou avarías nas instalacións públicas, o concesionario ten a obriga de manter permanentemente o servico nas condicións sinaladas no artigo anterior.

Artigo 37.- Suspensións temporais do servico.

1. O concesionario poderá suspender temporalmente o servico cando:

- a) Sexa imprescindible para realizar traballos de mantemento, reparación ou melloras nas instalacións públicas.
- b) No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un risco para a saúde dos usuarios.
- c) Por causas de forza maior.

2. Cando se produzan cortes previstos e programados, o concesionario deberá preavisar ós usuarios alomenos con vinte e catro horas de antelación por medio de anuncios nun medio de comunicación ou nos lugares públicos de costume. Os cortes programados comunicaránselle ó concello respectivo e serán autorizados por este. O preaviso advertirá da duración prevista da interrupción.

Artigo 38.- Reservas de auga.

1. Sen prexuízo do que dispoña a normativa específica aplicable, os usuarios que desenvolvan actividades industriais, comerciais ou de servicos nas que se precise a auga de xeito ininterrompido e inescusable para preservar a saúde pública e a seguridade das persoas e dos bens deberán dispoñer de depósitos de reserva con capacidade abonda e adoptar as medidas precisas para garantir a continuidade das citadas actividades.

2. A mesma obrigación lles compete ós usuarios que destinen a auga ó funcionamento de aparellos ou instalacións industriais que se poden ver danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución na subministración, de xeito que aseguren o seu autoabastecemento alomenos durante 24 horas.

3. O concesionario non é responsable dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia de que os usuarios non cumpran a obrigación prevista nos dous apartados anteriores.

Artigo 39.- Restriccións na subministración.

1. O servico de subministración de auga corrente ten por finalidade satisfacer as necesidades da poboación e preferentemente as derivadas dos usos domésticos. A utilización da auga para outras finalidades estará suxeita a que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan.

2. Sen prexuízo do que dispoña a normativa legal aplicable, a mancomunidade ou o concello respectivo, previa audiencia do concesionario, poderán restrinxir ou suspender a subministración de auga para usos non domésticos, sen que iso comporte ningunha obrigación de indemnizar. Neste caso o concesionario está obrigado a informar a través dos medios de comunicación ós usuarios das medidas que se van adoptar, data de iniciación, duración previsible e razóns que as motivan.

CAPÍTULO IX. LECTURAS, CONSUMOS E FACTURACIÓN

Artigo 40.- Periodicidade da lectura dos contadores.

1. O concesionario está obrigado a manter un sistema de lectura dos contadores que sexa permanente e periódico.

2. A facturación de consumo realizarase con carácter trimestral e de conformidade co cadro de tarifas da ordenanza reguladora do prezo público do servico.

Artigo 41.- Lecturas.

1. A lectura farase en horario que vai das 9.00 ás 20.00 horas, por persoal autorizado polo concesionario que levará a súa correspondente credencial.

2. Cando por causas alleas ó concesionario non fose posible facer a lectura dun contador, o empregado deixará aviso da súa visita por medio dunha nota que recollerá aquela circunstancia e á que selle achegará un impreso de lectura.

Neste caso, o usuario cumprimentará por si mesmo o impreso de lectura e deberallo devolver ó concesionario no prazo de seis días seguintes á visita do lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario despois dese prazo poderán ser considerados como nulos e, daquela a facturación realizarase como se o consumo fose cero.

Artigo 42.- Determinación do consumo.

1. O consumo de cada usuario determínase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

2. O concesionario soamente terá en conta para a facturación a medición resultante do contador debidamente homologado e instalado.

3. As fugas de auga que se produzan nas instalacións interiores e sexan rexistradas polo contador serán facturadas ó usuario conforme ás tarifas correspondentes.

4. Se o concesionario detecta a través da lectura do contador consumos desproporcionados ou fóra do común, comunicarllo ó usuario para que faga as comprobacións oportunas nas súas instalacións interiores.

Artigo 43.- Consumos calculados.

1. Cando non sexa posible coñecer o consumo realmente realizado por un usuario por mor dunha avaría no equipo de medición, a facturación calcularase conforme ó consumo rexistrado durante o mesmo período de tempo do ano anterior e, de non existir, conforme á media aritmética dos seis meses anteriores.

2. No caso de que non existan datos históricos para obter os promedios ó que se refire o parágrafo anterior os consumos facturarase polo mínimo esixible.

3. Os consumos calculados de conformidade co que dispoñen os dous apartados anteriores terán carácter definitivo no caso de avaría no contador e a conta en outros supostos. Nestes últimos, logo de que se obteña a lectura real, o consumo calculado compensarase por exceso ou por defecto na facturación correspondente ó seguinte período.

4. Cando se produza una avaría no contador, o concesionario substituirá o máis lixeiro posible, previa advertencia ó usuario.

5. Se por ausencia do usuario non fose posible ler o contador durante tres períodos de facturación consecutivo e o pagamento dos recibos non estiver domiciliado nunha entidade bancaria, o concesionario advertirlle por escrito ó usuario da necesidade de normalizar a situación. Se o usuario non atende o requirimento no prazo de días, o concesionario poderá suspender a subministración de auga, previa autorización do concello. Para remprender o servico, o usuario deberá aboar a facturación correspondente ó consumo realizado e os gastos de reposición da subministración.

Artigo 44.- Facturas e recibos.

As facturas e recibos emitidos polo concesionario deberán levar alomenos os seguintes datos: a) enderezo do inmovible obxecto de subministración; b) enderezo ó que se dirixe a notificación, se é distinto do anterior; c) tarifa aplicada; d) calibre do contador ou equipo de medición; e) lecturas do contador que determinan o consumo e datas delas que definen o prazo de facturación; f) indicación de se os consumos facturados son reais ou calculados; g) indicación diferenciada dos conceptos que se factura; h) importe dos tributos que se aplican; i) importe total dos servicos prestados; j) teléfono e enderezo do concesionario para obter información; k) enderezos, prazos e formas para efectuar o pagamento.

Artigo 45.- Forma de pago das facturas e recibos.

1. O usuario poderá pagar o importe da factura emitida polo concesionario na oficina deste, nas entidades de crédito ou noutros establecementos autorizados por aquel.

2. O pagamento de recibos periódicos realizarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria en oficina aberta no municipio ou nas oficinas do concesionario.

3. No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias por causa imputable ó usuario, serán por conta deste os gastos orixinados pola dita devolución e a liquidación de intereses de demora correspondentes. Dúas devolucions consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

Artigo 46.- Anuncio e prazo de pago e vía de constrinximento.

1. O usuario dispoñerá do prazo de un mes para face-lo pago en vía voluntaria.

2. O prazo anterior compútase desde a publicación do correspondente anuncio no taboleiro de edictos do concello e nos lugares de costume da parroquia de que se trate.

3. A Administración outorga ó concesionario a utilización da vía de constrinximento para o cobro das prestacións económicas que lle deban os usuarios por razón do servizo, de conformidade cos cadros de tarifas e prezos aprobados pola Mancomunidade.

4. Para os efectos do que prevé o apartado anterior, unha vez transcorrido o prazo de pago voluntario sen que o obrigado o fisexe efectivo, o concesionario presentalle ó concello respectivo a relación de deudores para a tramitación dos correspondentes expedientes de prema.

Artigo 47.- Corrección de erros na facturación.

1. O usuario poderá obter do concesionario calquera información tocante ás lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral, calquera cuestión relacionada coa subministración prestada nos dous anos anteriores á presentación da solicitude.

2. Nos casos en que por erro imputable ó concesionario se facturasen cantidades inferiores ás realmente debidas, o usuario terá dereito a que se lle fraccione o pagamento das diferencias ó longo dun período de tempo igual a aquel ó que se refiren as facturacións erróneas ata o máximo de un ano.

3. Cando o usuario lle presente ó concesionario una reclamación para a devolución de ingresos indebidos expresará de xeito breve e claro os conceptos e fundamentos nos que se basee e achegará os xustificantes de pagamentos e calquera outra documentación que corresponda.

4. O concesionario deberá resolver as reclamacións de devolución dos usuarios por ingresos indebidos o máis axiña posible e, en calquera caso, no prazo máximo de un mes desde lla presentaran.

5. O usuario ten dereito a que o concesionario lle devolva os ingresos que percibira de xeito indebido. A devolución deberase realizar no período máximo de un mes desde se comprobe o erro que os orixinou. Transcorrido ese prazo, a débeda xera o interese legal do diñeiro máis dous puntos a prol do acredor.

CAPÍTULO X. SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E EXTINCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN

Artigo 48.- Causas de suspensión da subministración.

1. O concesionario poderá suspender a subministración de auga ós usuarios polas seguintes causas:

a) Falta de pago da facturación por subministración de auga, transcorrido o prazo de tres meses desde rematou o período de pagamento en vía voluntaria.

b) Inexistencia de contrato que abeire a subministración.

c) Falta de pago dunha liquidación firme por fraude no uso da auga, transcorrido o prazo de quince días desde lle foi presentada ó cobro.

d) Cando o usuario poña nas súas instalacións de subministración, sen autorización do concesionario, bombas ou calquera outro aparello que poida afectar á rede de distribución do seu contorno e ó servizo prestado a outros usuarios.

e) Cando un usuario derive ou permita a derivación de auga desde as súas instalacións a outros inmobles, terreos, edificacións ou locais diferentes ós abeirados no contrato.

f) Cando o usuario non permita a entrada ó seu inmovible ou local ó persoal autorizado do concesionario, se se pretende dentro do horario previsto neste regulamento e ten por finalidade revisar ou inspeccionar as instalacións. A negativa do usuario a permiti-la entrada constatarase perante dúas testemuñas ou un axente da autoridade.

g) Cando se atopen derivacións clandestinas de auga desde as instalacións da rede pública de subministración. Enténdese por derivacións clandestinas as realizadas sen contrato nin autorización do concello e do concesionario. Nestes casos, o concesionario poderá suspender a subministración de xeito inmediato, comunicándolle os feitos ó concello.

h) Cando o uso que lle dea á auga o usuario ou o estado das súas instalacións interiores poida afectar negativamente ás condicións de potabilidade na rede de distribución. Neste caso o concesionario poderá suspender a subministración de xeito inmediato, comunicándolle os feitos ó concello.

i) Cando o usuario non cumpra a orde de modificación das condicións da caixa do contador, de substitución do contador ou de reparación das instalacións interiores para adecualas ás condicións regulamentarias.

l) Cando non fose posible a lectura do contador durante tres períodos de facturación consecutivos e o pagamento dos recibos non estiver domiciliado nunha entidade bancaria, de conformidade co que prevé o artigo 43.

m) Por negligencia grave do usuario na conservación ns súas instalacións.

n) Por utilización inapropiada da auga doméstica pararegar ou para outros usos diferentes dos contratados sempre e cando a facturación supere o 150% do mínimo que correspondería ó uso autorizado.

o) Por infracción das restricións ou prohibicións de usos da auga legalmente adoptadas.

2. A potestade de suspensión da subministración enténdese que é sen prexuízo das outras accións legais que sexan procedentes para esixirle as responsabilidades en que poideran incorre-los usuarios.

Artigo 49.- Procedemento de suspensión da subministración.

1. O concesionario está autorizado para a suspensión inmediata da subministración nos casos que prevé este regulamento. En todos eses supostos, o concesionario deberalle comunicar a suspensión o máis lixeiro posible, por escrito, ó concello e máis ó usuario afectado.

2. No resto dos casos, o concesionario deberalle notificar previamente e por escrito ó usuario e ó concello as causas que basean a suspensión.

Ao usuario advertirlle expresamente que se no prazo de dez días contados desde reciba a notificación non desaparecen aquelas causas, levará a efecto a suspensión da subministración.

Se o concello non se opón por escrito á suspensión da subministración no prazo de dez días desde recibiu a notificación anterior, o concesionario enténdese autorizado para levala a efecto.

3. A notificación da suspensión conterá os seguintes datos: a) nome e enderezo do usuario; b) nome e enderezo do inmovible afectado; c) data a partir da que se producirá ou, se for o caso, se produciu a suspensión; c) causas que motivan a suspensión; d) nome, enderezo, teléfono e horario de atención ó público da oficina do concesionario onde se poderá obter información para subsana-las causas que motivan a suspensión.

4. O concesionario repoñerá a subministración no mesmo día ou no día solto seguinte a aquel no que se subsanaron as causas que basearon a suspensión e tralo pagamento dos dereitos que procedan de conformidade co cadro de prezos aprobado pola mancomunidade.

5. Transcorridos tres meses desde se produciu a suspensión sen que o usuario subsanara as causas que a motivaron, o concesionario poderá resolver unilateralmente o contrato sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan por facturacións pendentes e indemnización de danos e perdas.

Artigo 50.- Extinción da subministración.

1. A subministración de auga extinguirase:

- a) Por pedimento do usuario.
- b) Por pedimento do dono do inmovible aínda que non sexa o usuario, sempre que probe que este perdeu o dereito de uso do inmovible.
- c) Polo transcurso do prazo contractual e, se for do caso, da súa prórroga.
- d) Por derrubamento, destrución ou modificación substancial do inmovible ó que estaba destinada a subministración.
- e) Por decisión do concesionario nos seguintes casos:
 - 1) No suposto que prevé o apartado 5 do artigo anterior.
 - 2) Se o beneficiario do servizo non ten a cualidade de usuario, isto é, non dispón de contrato de subministración ó seu nome.
 - 3) Por cambio do uso ó que está destinado a subministración.
- f) Por resolución da Administración pública competente, a petición do concesionario, nos seguintes casos:

1) Cando o uso da auga ou as condicións das instalacións interiores do inmovible comporten perigo para a seguridade da rede, a potabilidade da auga ou os bens de terceiros e se trate de irregularidades non subsanables.

2) Cando o usuario incumpra as condicións do contrato de subministración.

2. Se a Autoridade administrativa competente non se pronuncia expresamente no prazo de dous meses desde o concesionario lle solicitou a resolución do contrato, enténdese aceptada a extinción da subministración.

Artigo 51.- Retirada do contador.

Unha vez extinguido o contrato, o concesionario retirará o contador e poñerá a disposición do usuario durante o prazo de tres meses. Se o usuario non se fai cargo del no citado prazo, enténdese que renuncia a súa propiedade.

CAPÍTULO XI. INFRACCIÓNS FRAUDULENTAS, INSPECCIÓN E RESPONSABILIDADE**Artigo 52.- Infraccións fraudulentas.**

Constitúen infraccións fraudulentas:

- a) A inexistencia de contrato que abeire a subministración de auga.
- b) A manipulación do contador ou equipo de medición de consumo de auga.
- c) A existencia de derivacións do caudal antes do equipo de medición.
- d) A utilización da auga para usos diferentes dos contratados con prexuízo na facturación por aplicación doutra tarifa.

Artigo 53.- Inspección.

1. Cando o concesionario teña coñecemento da realización dunha infracción fraudulenta por parte do usuario, requirirá por escrito para que a corrixa no prazo de tres días, coa advertencia de que, transcorrido o devandito prazo sen que o fixera, suspenderá a subministración da auga.

2. Se a infracción consiste na derivación ilegal de caudal, o concesionario poderá suspender de xeito inmediato a subministración.

3. Se co gallo da comprobación dunha denuncia por infracción fraudulenta, o usuario lle denega a entrada no inmovible ó persoal inspector, o concesionario poderá suspender de xeito inmediato a subministración.

Artigo 54.- A liquidación por fraude.

1. Cando non existe contrato que abeire a subministración, o concesionario liquidará unha facturación por fraude na que se inclúe o consumo equivalente á capacidade nominal do contador que corresponda ás instalacións de que se trate, cun tempo mínimo de oito horas diarias de utilización durante o prazo que vai desde a adquisición do dereito de uso do inmovible ata que se subsane a existencia do fraude. En calquera caso, a duración mínima dese prazo non serán nunca inferior a un mes nin superior a seis meses.

2. Cando a fraude consista na manipulación do contador ou equipo de medición, o concesionario liquidará unha facturación que tome como base a capacidade de medida do caudal nominal cun tempo mínimo de oito horas diarias de utilización desde a data da última verificación oficial do contador. A duración mínima dese prazo non será inferior a un mes nin superior a un ano. Descontaráselle á liquidación os consumos correspondentes a ese período que xa foran aboados polo usuario.

3. Se a fraude consiste na derivación de caudais de auga antes do equipo de medición, a liquidación realizarase como no apartado 1 anterior e sen que se lle desconte a auga medida polo contador.

4. Cando se utilice a auga para outros usos diferentes ós contratados con prexuízo da facturación, a liquidación realizarase aplicándolle ó volume de auga consumido a diferenza entre a tarifa correspondente ó uso real da auga e a contratada durante o período de que se trate. Este período non será inferior a un mes nin superior a un ano.

5. En tódolos casos de actuación por fraude, a liquidación estará suxedita ós impostos legalmente aplicables.

6. O concesionario notificaralle a liquidación ó usuario coa advertencia de que contra ela pode interpoñer, no prazo de un mes, recurso ordinario perante a Autoridade administrativa competente en materia de consumo, sen prexuízo doutras accións ou reclamacións que xulgue oportunas.

Artigo 55.- Responsabilidade penal por fraude.

O que dispoñen os artigos anteriores enténdese sen prexuízo da responsabilidade penal por defraudación en que poida incorre-lo usuario infractor de conformidade cos artigos 255 e 623 do Código Penal.

CAPÍTULO XII. DEREITO DE INFORMACIÓN, RECLAMACIÓNS E RECURSOS**Artigo 56.- Dereito de información e queixa.**

1. Os usuarios teñen dereito a obter do concesionario, da Xunta da Mancomunidade e dos concellos información oral ou por escrito de tódalas cuestións que atinxan ó seu contrato e ás condicións de prestación do servizo.

2. Os usuarios poderán formular queixas e suxestións verbo do funcionamento do servizo no libro correspondente que o concesionario terá a súa disposición nas oficinas de atención ó público. A existencia do libro será sinalizada de forma visible para os cidadáns.

3. O concesionario informará ó cidadán no prazo de vinte días das actuacións realizadas e das medidas que, se for do caso, adoptara.

4. Se o usuario non obtiver unha contestación satisfactoria á súa queixa ou suxestión poderá reproducila perante o concello respectivo que a tramitará de conformidade coa normativa aplicable.

5. Se como consecuencia de calquera queixa ou suxestión presentada ou do expediente que dela derive houber indicios do funcionamento anormal do servizo, o concesionario ou, se for do caso, o concello ou a mancomunidade iniciarán as actuacións legalmente procedentes para corrixi-la irregularidade e aclara-las responsabilidades que procedan.

Artigo 57.- Reclamacións e recursos.

1. O usuario poderá interpoñer recurso administrativo ordinario perante a Xunta da Mancomunidade ou, se for do caso, perante o concello respectivo, contra os actos e decisións do concesionario adoptados en exercicio de funcións delegadas dos citados entes. Contra as resolucións que dicte a Xunta da Mancomunidade ou, se for do caso, os concellos respectivos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

2. Contra os demais actos do concesionario os interesados poderán solicita-la intervención da Xunta da Mancomunidade ou, se for do caso, dos concellos respectivos para que exerzan a súa potestade de inspección e control coa finalidade de manter ou repoñer-las prestacións debidas. Iso sen prexuízo das accións civís que procedan.

3. Darán lugar a indemnización os danos e perdas que sufran os usuarios nos seus bens e dereitos e que sexan consecuencia do funcionamento do servizo. O usuario poderá reclamar aquela indemnización polos procedementos que prevé a normativa reguladora da responsabilidade patrimonial das Administracións públicas e da expropiación forzosa, sen prexuízo das accións civís ou penais que, se for do caso, procedan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O concesionario subrógase nos dereitos e obrigacións derivados dos contratos convidos entre os concellos e os usuarios con anterioridade á entrada en vigor da concesión."

Contra este acordo, as persoas e entidades interesadas poderán interpoñer RECURSO contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde se publique esta ordenanza no Boletín Oficial da Provincia. Con carácter previo deberán facerlle á Mancomunidade a comunicación que prevé o artigo 110.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulguen procedente.

Muros, 8 de maio de 1997.

O presidente da xunta da Mancomunidade,
Celestino Formoso Vidal.

7534-PD / 72:5

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

AUDIENCIA PROVINCIAL DE A CORUÑA

Sección Segunda

Don Manuel Ferreiro González, secretario de Sala da Sección Segunda de la Audiencia Provincial de A Coruña.

Certifico: Que en la apelación civil 3.026/96, procedente del Juzgado de Primera Instancia número 3 de Ferrol, se ha dictado sentencia cuyo encabezado y parte dispositiva dicen:

Juzgado: Primera Instancia número 3 de Ferrol.

Rollo: Número 3.026/96.

"Número 170.-A Coruña, a veinticinco de abril de mil novecientos noventa y siete.

La Sección Segunda de la Audiencia Provincial de A Coruña, constituida por los Ilustrísimos señores don Ángel Barrallo Sánchez, presidente, don Francisco Javier Cambón García, don Luís Barrientos Monge, magistrados, han pronunciado en nombre del Rey la siguiente:

Sentencia.-En el recurso de apelación civil número 3.026/96, procedente del Juzgado de Primera Instancia número 3 de Ferrol, con el número 387/94, sobre juicio de cognición, entre partes, de una y como demandante apelada "Sociedad Cooperativa Agraria de Meirás Limitada", y de otra y como demandado apelante don Francisco Pérez Rodríguez, y como demandados apelados declarados en rebeldía don Tomás Dopico Aneiros y don Francisco Pérez Pereiro, con quienes se entendieron las sucesivas diligencias en los estrados de este Tribunal. Siendo ponente el Ilmo. señor magistrado don Francisco Javier Cambón García.

Fallamos: Que desestimando el recurso de apelación interpuesto contra la sentencia dictada por el Ilmo. señor magistrado-juez de Primera Instancia número 3 de Ferrol, en fecha 10-7-96, resolviendo el juicio de cognición número 387/94, debemos confirmar y confirmamos dicha resolución, imponiendo al apelante las costas de esta alzada.

Y al Juzgado de procedencia, líbrese la certificación correspondiente con devolución de los autos que remitió.

Así por esta nuestra sentencia, de la que se llevará certificación al rollo de apelación civil, lo pronunciamos, mandamos y firmamos.

Y para que conste, expido y firmo la presente en A Coruña, a 30 de abril de mil novecientos noventa y siete.

Manuel Ferreiro González.

7486 / 7349

Sección Cuarta

Doña Concepción Otero Piñeiro, secretaria de la Sección Cuarta de la Iltra. Audiencia Provincial de A Coruña.

Certifico: Que en el recurso de apelación número 2788/95, se dictó sentencia.-Audiencia Provincial.-Sección Cuarta.-Iltrmos. señores magistrados: don José Luis Seoane Spiegelberg.-Don José Antonio Méndez Barrera.-Don Carlos Fuentes Candelas.-En la ciudad de A Coruña, a nueve de abril de mil novecientos noventa y siete.-Vistos por la Sección Cuarta de la Audiencia Provincial, integrada por los señores que la margen se relacionan, los presentes autos de juicio de menor cuantía número 10/93, sustanciados en el Juzgado de Primera Instancia Coruña Ocho, y que ante la Audiencia Provincial pendían en grado de apelación, seguidos entre partes: de la una y como demandante y apelada doña Elena Egidia Cendán Cendán, representada por el procurador señor del Río Sánchez y con la dirección del letrado Sr. Diéguez Guerrero; y de otra como demandado y apelante don Jesús Rubín Urribarri, representado por el procurador Sr. Lousa Gayoso y con la dirección del letrado Sr. Gómez Corredoira y el demandado apelado Eugenio Carlos Fernández Villamil, el cual no compareció en esta segunda instancia y los demandados declarados en situación procesal de rebeldía herederos desconocidos e inciertos de don Alfredo Orestes Rubín Vázquez, o tengan interés directo o indirecto; versando los autos sobre nulidad de contrato.

Fallamos: Que con estimación del recurso de apelación interpuesto debemos revocar la sentencia recurrida, dictada por el Juzgado de Primera Instancia número 8 de A Coruña, y en su lugar dictar otra, en virtud de la cual debemos desestimar y desestimamos la demanda deducida por doña Elena Egidia Cendán Cendán, contra don Jesús Rubín Urribarri, don Eugenio Carlos Fernández Villamil y herederos de don Alfredo Orestes Rubín Vázquez, con preceptiva condena a la parte actora de las costas procesales de primera instancia, y sin hacer especial pronunciamiento con respecto a las devengadas en la alzada. Así por esta sentencia, de la que se llevará certificación al rollo de apelación civil, lo pronunciamos, mandamos y firmamos.-José L. Seoane Spiegelberg.-José A. Méndez Barrera.-Carlos Fuentes Candelas.-Fue publicada en el día de su fecha, y para que su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña sirva de notificación a los herederos desconocidos e inciertos de don Alfredo Orestes Rubín Vázquez o tengan interés directo o indirecto en este asunto, expido la presente en A Coruña, a cinco de mayo de mil novecientos noventa y siete.

Concepción Otero Piñeiro.

7430 / 7309

Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número 5 de Santiago de Compostela

EDICTO

En virtud de lo acordado por el señor juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número 5 de Santiago de Compostela en resolución de esta fecha, en los autos de divorcio (5*) número 00108/1997-2, seguidos en este Juzgado a instancia de Aurora Carnota Vereá, representada por la procuradora señora Rita Goimil Martínez, contra Humberto Corzo Seijas, por medio de la presente y con entrega de las oportunas copias de la demanda y documentos a ella acompañados, se confiere traslado de la misma y se emplaza en forma a la parte demandada para que, dentro del término de 20 días, conteste y comparezca en autos, personándose en legal forma con abogado que le defienda, con la prevención de que, si no comparece,